

Lecturas dunha viaxe á Alemaña

LUÍS MARTÍNEZ-RISCO DAVIÑA

Fundación Vicente Risco / I.E.S. Otero Pedrayo (Ourense)

Resumo

En 1933 Vicente Risco viaxa a Berlín, cunha bolsa de estudos da *Junta de Ampliación de Estudios* para estudar Folk-lore. Se ben o aspecto académico resultou un fiasco, a estadía na capital alemá permitiulle ser testemuña directa da vitalidade e tensións que estaba a coñecer a República de Weimar. As vivencias da viaxe son publicadas na revista *Nós* e logo son editadas como libro no ano 1933.

Palabras chave

Mitteleuropa, Berlín, República de Weimar, Literatura de Viaxes.

Xa saben vostedes que don Vicente Risco viaxou a Alemaña e non só, xa que tamén deixou pegadas da súa estadía no París da Francia, na Praga da ex-Checoslovaquia e na capital de Austria, Viena. Viaxe que moitos simplifican e reducen a unha viaxe á Alemaña nazi, descoñecedores –queremos crer inocentes–, de que na altura o réxime que aterrou o mundo aínda estaba por chegar, e de que o estado centroeuropeo vivía unha das etapas máis interesantes, chea de convulsións e tensións, que foi a asasinada República de Weimar. Malos tempos aqueles para as repúblicas democráticas. Que llo pregunten, senón, á tamén asasinada II República española que en certos aspectos bebeu da filosofía de Weimar.

Din as crónicas, e así nolo recordan moitos dos estudosos da figura do egregio intelectual ourensán, que don Vicente foi a Alemaña a aprender Folk-lore (deste xeito o escribía el). Mais da lectura do propio libro, deducimos que don Vicente asistiu a un continuo desencontro con aqueles dos que quería aprender. Sempre ausentes. Con todo, tendo en conta que don Vicente contaba na altura con 46 anos e que xa tiña publicacións de investigación e recolla, como *A trabe d'ouro e a trabe d'alquitran* (1925) ou *O lobo da xente* (1925), poderíamos cuestionar se a razón verdadeira da viaxe foi realmente académica ou se, tal vez, este tema foi a penas unha desculpa para se achegar a vivir de primeira man as vangardas e as inquedanzas culturais e políticas que na altura estaban a acontecer en Berlín.

Sabendo do espírito inquedo e constantemente anovador que moraba no interior do Risco intelectual, non negarei o que el nunca negou, que quería estudar Folk-lore; mais tamén son dos que se inclinan, e baseándome na mesma liña argumental que acabo de referir, que o do Folk-lore ben puido ser a desculpa para vivir de primeira man a vitalidade cultural que se vivía no Berlín de entreguerras. Por moi conservador que fose don Vicente, o das vangardas podía con el. Berlín era, e non só para el, o referente cultural da Europa daqueles tempo. O exemplo a imitar. E con certeza que moito do que alí viu, e viviu, deixou pegada, non necesariamente negativa, no seu ánimo. E non me refiro aos aspectos políticos, que tamén.

Podemos pensar que a viaxe exterior (visitar Alemaña e Centro Europa) é o envoltorio dunha viaxe interior, sen dúbida moito máis interesante e das que carecemos de claves para a súa correcta interpretación¹. Unha viaxe interior que non é allea á importancia que Vicente Risco dá ás viaxes.

¹ Agardamos que a documentación custodiada pola Fundación Vicente Risco, actualmente en fase de catalogación, permita nun futuro proporcionar claves para un mellor coñecemento da súa estadía na Alemaña de Weimar.

Son múltiples as referencias á importancia das viaxes, e á actitude que debe de manter o viaxeiro, que podemos atopar na súa rica e variada produción literaria, quer en ensaio, quer en artigo xornalístico. Pensemos na introdución a ese fermoso libro de viaxe interior escrito por don Ramón Otero Pedrayo que é *Pelerinaxes I* (1929). Viaxe dobremente interior: pola xeografía do país e polo seu espírito. Viaxes interiores son tamén *Terra de Melide* (1933) ou o «non nato» *Terras de Deza*, en que Risco e os seus compañeiros de viaxe andan na procura das esenciais propias da Galiza, coñecemento fundamental para axudar a que esta poida ser liberada e chegar ser dona de seu. Hai necesidade de coñecer a alma da Terra na que se basea o seu discurso identitario, máis que na raza, máis que no pobo. Por certo, un pobo ao que ven derrotado, rendido sen dar batalla pola dignificación da Terra Nai. Pensemos na viaxe de «*A Velliña vella*» (1925), unha vez máis San Andrés de Teixido como tema de fondo, á que os fillos viran as costas. Ou a viaxe cara á heterodoxia que realiza o bispo Baldonio no romance *La puerta de Paja* (1953).

Preocupan a don Vicente as viaxes para coñecer a Terra, para nos coñecer a nós mesmos. Viaxes introspectivas que invitan á reflexión. En diversos artigos publicados ao longo da súa vida e en diversos xornais, incide neste aspecto: «As viaxes de a pé», «O paseante solitario», «Descanso en el camino y viajes a pie», «Los derechos del caminante», «Tarde de viaje», «No alto de Penamá», «Unha volta por Portugal»², son algún dos exemplos de/do pensamento sinxelo, cálido e fondo sentimento, que caracteriza a obra xornalística de don Vicente, e na que cada pequeno artigo zumega literatura á par que convida o lector á reflexión interna: á viaxe interior da que tanto gusta Vicente Risco. E *Mitteleuropa* (1934) non escapa, –e non podería ser doutro xeito–, do concepto que o intelectual ourensán ten da viaxe.

Mais centrémonos no libro, pode que un dos máis polémicos do autor ourensán polas lecturas políticas que del se realizan e que relegan a un segundo e terceiro plano aspectos que poderían resultar máis atraentes á curiosidade do «viaxeiro», non ao «político», que temos e somos cada un de nós. Un par de consideracións:

1º. Creo, e crer é diferente a saber, que no libro non se recollen a plenitude das impresións que a Alemaña de 1930 deixou en Vicente Risco. O escrito está dirixido ao escaso público da época lector en galego, e iso non permite albiscar se o que se traslada –en moitas das pasaxes cunha simpleza insultante, máxime se coñecemos

² En Vicente Risco (1997): *Obras completas*, tomo V (Vigo: Galaxia).

a complexidade do pensamento risquián— é o que internamente pensaba don Vicente ou, simplemente, se garda para si outras consideracións que non fai públicas. Haberá que agardar a que estean rexistrados os numerosos cadernos de apuntamentos e notas soltas da viaxe para proceder ao seu estudo e saber se así é. Aventuro, e asumo o risco de me trabucar, que esa coincidencia non é ao cento por cento.

2º. É crenza xeral³ que a viaxe a Alemaña produciu un forte desánimo en don Vicente, e é a partir desa fenda desde a que se busca comprensión para os seus posicionamentos posteriores. Mais, a serio, foi por mor desta viaxe que mudaron as posturas do Risco político católico? Deixo uns breves apuntamentos, que non desenvolvo por non constituíren o fundamental deste traballo, mais que considero interesantes para que o lector afonde na reflexión.

2a. Vicente Risco ten, coma outros intelectuais e políticos, certo desencontro coa II República española pola denominada «cuestión católica». A viaxe a Alemaña ten lugar no verán de 1930 cando Vicente Risco xa estaba aliñado co catolicismo militante, e a proclamación da II República ten lugar o 14 de abril de 1931. Proclamación saudada con entusiasmo, até o punto de crear o Partido Nacionalista Republicano Ourense que logo se integraría no Partido Galeguista.

2b. O Risco «heterodoxo en todo menos en materia de relixión», como el mesmo se definiu, deixou de ser menos heterodoxo? Quen coñeceu a súa tertulia e as súas relacións de posguerra (a civil española) ben sabe que gran parte dos comunistas ourensáns trataban con afectuosa discrepancia o anticomunista don Vicente.

2c. Educados nunha cultura política baseada na negación do contrario debemos, cando menos, comprender, aínda que non o admitamos para nós, o significado profundo do *yim* e do *yam* e a «complementariedade dos contrarios», principio vital que, sempre, aplicou Vicente Risco.

³ En parte debida a don Ramón Piñeiro (véxase, por exemplo, o seu «Prólogo» ao libro de Ramón Lugrís: *Vicente Risco na cultura galega*, Vigo, Galaxia, 1963) e ao clixé simplista, coma todos os tópicos, coa que dende entón se analiza a complexidade do pensamento risquián. Teñamos en conta a influencia de quen foi referente do galeguismo interior durante boa parte do franquismo e da transición, así como certa tendencia á repetición mimética dos «dogmas» fronte á reflexión propia a partir da lectura sosegada dos textos orixinais e da comprensión do contexto en que se produce a elaboración do discurso. E cos dogmas, mal lle vai a un heterodoxo como Vicente Risco. Mais teñan a certeza de que con esta afirmación non pretendo nin xustificar a Vicente Risco, nin criticar aos que o critican.

- 2d. Tampouco estaría de máis facer un esforzo para coñecermos as bases filosóficas (incluso as teolóxicas) en que se fundamenta o pensamento risquián. Non para compartilo, simplemente para coñecelo e analízalo co debido rigor.
- 2e. Vicente Risco nunca estivo na Alemaña nazi. Coñeceu a República de Weimar e, a pesar das convulsións sociais e conflitos que afectaban a Alemaña e a Europa de entreguerras, penso que gustou do ambiente de creación e vangarda⁴ que xermolaban en Berlín. Porén, a deriva política encetada o 30 de xaneiro de 1933 co nomeamento de Hitler como Chanceler imposibilitará que agrome. Para Vicente Risco o referente político, o que el desexaría fose o Partido Galeguista, é o Partido de *Zentrum*, o partido católico liderado por Heinrich Brüning a quen o ourensán admiraba e que en 1934 tivo que se exiliar da Alemaña Nazi. Konrad Adenauer, primeiro Chanceler da extinta República Federal Alemá e un dos pais da Unión Europea, é outros dos dirixentes destacados do *Zentrum*, que incluso coñeceu prisión en 1933 pola súa oposición aos nazis.

Expresadas en voz alta estas consideracións, que non teñen máis intención que a de achegaren unhas cantas claves que permitan comprender o contexto en que se elabora o que é, cos seus defectos, un dos primeiros libros de viaxes da literatura galega. Que, con todos os seus defectos, ao menos, debemos recoñecer a pretensión normalizadora de engrandecer e descolonizar a cultura galega abranguendo novos ámbitos de expresión e comunicación⁵.

Partamos do recoñecemento de que non se trata dun libro de viaxeiros, dunha desas típicas guías destinadas ao coetáneo e coterráneo que estivese pensando pasar uns días das súas merecidas ferias en Alemaña. Cantos galegos, na altura, poderían pensar que tal puidese acontecer? Nin sequera pretende ser un simple manual de axuda para os milleiros de galegos que, a partires da década do 1960 en habían de emigrar a Alemaña. Na altura de 1930, Alemaña non estaba para recibir man de obra foránea.

⁴ Vicente Risco, a pesar do seu catolicismo militante sempre foi un vangardista. Tamén ecoloxista, e pode que isto estea relacionado co seu conservadorismo e co concepto Terra e Paisaxe como esencia da galegitude.

⁵ Non sendo, para min, nin a literatura nin a historia as principais achegas de Vicente Risco á dignificación da nosa identidade, nin o máis salientábel da súa variada produción, debemos recoñecer a súa implicación neste proceso como é no teatro (*O bufón d'El rei*, 1928), na literatura infantil (*Tres contos maravillosos*, 2004), no labor de recolla de literatura popular (*O lobo da xente*, 1925) ou o primeiro romance moderno escrito en galego *O porco de pé* (1925).

Debemos afrontar a lectura, como un diario dun home cheo de curiosidade por calquera tipo de movemento e iniciativa cultural. Dun home que vai na procura do espírito, temeroso de que a puxanza do materialismo destrúa o seu ideal. Supoño que ao non atopar a Alemaña debuxada polos románticos deixaría certo desánimo, mais comprobar a vitalidade dos movementos da vangarda cultural e as diferentes propostas políticas compensarían ese certo desánimo ao lle permitiren vivir en primeira liña a construción dun novo mundo que, en certo modo, significaba a destrución do seu propio mundo interior. E isto non vai deixar indiferente a Risco.

Deixando á marxe as diatribas de don Vicente sobre a cuestión política, para o lector actual, *Mitteleuropa* é unha boa desculpa para viaxar mentalmente por unha sociedade aberta, puxante, na que se aplican formas de sociabilidade, hoxe aceptadas, mais que na España da época, que non só na Galiza, resultaban en certo modo escandalosas. Estou a pensar nas pasaxes referidas aos bañistas e ao costume de tomar o sol sen vergoña de «amosar as carnes». Así como os percorridos por museos, zoo, xardíns, rúas, tendas e cafés, –que coa descrición que deles e das xentes que por eles transitan–, fai don Vicente, axudan a dar vida ao libro.

Unha cuestión máis a ter conta. En *Mitteleuropa* hai múltiples referencias á paisaxe e á arquitectura como feito cultural froito do diálogo entre o home e á paisaxe. A importancia dese diálogo home-natureza é fundamental para comprender a cosmovisión risquián. A Terra como alicerce da cultura, e a preocupación polo feito de que o proceso de urbanización que estaba a coñecer a Galiza da década dos vinte podería supoñer un afastamento das propostas propias que definían a Galiza rural, e que o propio don Vicente era consciente de que estaba a desaparecer e consideraba fundamental que era preciso intervir desde o nacionalismo, para frear o proceso de colonización –poderíamos falar de españolización– e desarraigo que afectaba a outros ámbitos da cultura e da esencia da que os galeguista na altura dos anos que preceden á Guerra Civil española, consideraban que era a Galiza eterna.